ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 18 DE XULLO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaoito de xullo de dous mil trece, reúnese a Mesa de contratación para a para a adxudicación do contrato de "Prestación de servizos complementarios e de colaboración na xestión recaudatoria municipal en vía de apremio e para colaboración na xestión administrativa e recaudación das multas de tráfico", presidida polo Concelleiro de Goberno responsable da área de facenda e medio ambiente, don Raimundo González Carballo, por delegación da súa Excelencia o Sr. Alcalde; asisten o Titular do OTXT, dona María del Mar Suárez Campo; o portavoz do grupo municipal do PP, don Jacobo Moreira Ferro; a Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don Xabier Munaiz; o Tenente de Alcalde e responsable da Área de Urbanismo; don Antonio Louro Goyanes; e a Xefa do Servizo de Contratación, dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria da Mesa, que da fe do acto.

Constituída a Mesa de Contratación a Secretaria da conta das elagacións formuladas por Dona Amparo Barreales Cardín, en nome e representación da empresa RECYGES, S.L. e por Don Eduardo Lojo López, en nome e representación da empresa COORDINADORA DE GESTIÓN E INGRESOS, S.A. (CGI), así como do anuncio efectuado pola empresa GTT, no que comunica a interposición de recurso especial en materia de contratación.

Considerando o contido das alegacións efectuadas, que principalmente refírense á valoración efectuada pola Mesa respecto ó local ofertado polas licitadoras, así como ao persoal ofertado, a Mesa acorda que sexa incorporado ao expediente informe da titular do OTXT e do señor Arquitecto Municipal, aclaratorio do emitido en data 27 de maio de 2013 relativo á valoración dos locais, asumiendo íntegramente o informe elaborado pola Asesoría Xurídica en relación coa disponibilidade do local ofertado para a prestación do servizo, que consta xa incorporado ao expediente, no que se xustifica de forma clara o criterio mantido por esta Mesa para otorgar as puntuacións correspondentes a ese criterio.

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.